

OPINIÓN

CARTA ABERTA A FRANCISCO CARBALLO

SANTIAGO PROL BLANCO

Foi nun dos primeiros mñins aos que asistín na miña vida. Non se celebraban eleccións democráticas desde o 36. Vostede, que xa colabora coa -hoxe desaparecida- Agrupación Cultural Os Cabaceiros, achegouse a Maceda para apoiar publicamente a candidatura do Bloque Nacional-Popular Galego (UPG/AN-PG apenas legalizados). Defendía o programa das Bases Constitucionais que nos deberían levar cara un Estado Federal. Escoltei, abraído, a contundencia e dignidade coa que xustificou as súas orixes. Imaxe indelével coa sala de festas do Brandín ategada de xente da bisbarra e, sorprendentemente, con todos os poderes fácticos locais agás un.

Voltou nas do 79 e posteriores. A vitalidade era a mesma máis os adversos resultados. Aínda ía masivamente público aos actos convocados. Non lle perdín a vista. Aquel ano finaron Celso Emilio e Blanco Amor. Estudaba eu en Ourense. Compartía curso, aula e amizade con Xoán Carballa que, daquela escoitaba a Viglietti, lía a Sir Arthur Conan Doyle e recitaba con paixón a Rosalía.

Logo veu a orde da retirada de *História de Galiza* e o seu proceso: No mes de Agosto de 1975, Galiza viviu unha onda de terror. Detencións e rexistos domésticos culminaron o día 12, no que a policía española asasinou a Xosé Ramón Reboiras Noia, un dos dirixentes da UPG. O manual, editado pola AN-PG pasou á clandestinidade e foi todo un éxito de vendas (tirou do prelo dúas edicións e unha reimpresión en Pontevedra). Quen daquela, que flitease ou estivese na órbita do nacionalismo, non conserva un exemplar?

Este -case centenario- semanario reapareceu en Compostela cando todo estaba por facer (Decembro do 77). Fora refrotado, despois dunha crise, en Vigo (Novembro do 81). Vostede estaba ali como artífice capital soerguendo aquel proxecto nacional que tanto representa hoxe no país, consolidado xa como terceira empresa editorial, xunto con Xerais e Galaxia: Eiqui aprendín moitísimo. Eduqueime através desta iniciativa na democracia, no traballo colectivo e na actividade cultural e sintome satisfeito do que fixen.

Várias xeracións, entre elas a súa e a miña, coincidimos na admiración por Ernesto Cardenal na Nicaragua sandinista dos oitenta; aquela esperanza tan violentamente doce (Cortázar) que resistira até a extenuación o asedio económico e militar do eterno inimigo do Norte. Identificámonos coa Teoloxía da Liberación, co bispo catalán do Matto Grosso, Pedro Casaldáliga, con Xabier Gorostiaga, Ignacio Ellacuría, monseñor Romero, Gaspar G. Laviana, o Cerro Guazapa, Ursulatán Solentiname... Luchamos para vencer. ¡No pasarán! Clamaba Carlos Mejía Godoy. Coñeciamos o mapa de Centroamérica coma o milleiro de ríos deste país. Revolucións abortadas. Sofíos dun continente amputados. Submisión ao gringo imperialista.

Nos veráns senellaba doado atopalo a vostede pola vila de Maceda, maiormente os días de feira compartindo tertúlia na cafetería do Cesáreo con Moncho Ramos, o sociólogo afincado en Barcelona. Sabíamos que, desde pouco despois da súa chegada a Vigo no 73 -moitísimo antes da presidencia de Promocións Culturais Galegas-, impartía docencia na Escola de Maxistério, á par que dirixía a Asociación Cultural e que traballaba activamente no sindicalismo e no Bloque (fora candidato varias veces). Tarefa árdua. Despaciosa. Emerxente. Imparábel. A fotografía en roupa sport lendo o manifesto a prol da lingua e a da Carreira pola Defensa do Idioma portando o testemuño polas ruas de Vigo (Maio do 85 con Méndez Ferrín), forman parte da iconografía máis nosa.



Francisco Carballa.

Despois planificou e coordinou -até hai pouco-, a colección *História de Galiza*, un ambicioso proxecto. Veu a xubilación profesional e a homenaxe nacional en Xullo do 96. O ex-alcalde Xosé Bieito Seara -incansábel- representounos dignamente a todos os vicios de ben. En Marzo do 97 artellamos a de Benigno Álvarez que tamén cobizaba unha Pátria Liberada. Vos-

tede, que nunca lle dixo a nada que non, aceptou compracido a invitación que lle fixo o impulsor Celso Sánchez. Escribiu un certo artigo e compartiu con centos de macedáns e co sobriño do mártir, unha xornada histórica que rachou moitas pantasma do tráxico pasado.

Quedaríanos unha incursión na etapa de formación (Seminario, Madrid, Barcelona, Salamanca, Roma), a labouza docente como sociólogo, teólogo, e historiador durante máis de co-

renta anos e tamén a obra: Temos escaneadas vintenove monografías entre libros de autor, co-autor, traballos específicos e colaboracións varias en *Encrucillada*, *Seiva*, *A trabe de ouro*, *Grial*, *Eco*, *Cadernos*, *A Nosa Cultura*, *Servicio de Publicacións da Universidade de Compostela*, *Universidade do Minho*, *Federación de Asociacións Culturais Galegas*. A maiores acharíase todo o traballo xornalístico no semanario. Desde aquel primeiro libro *Santuario da Nosa Señora dos Milagres do Monte Medo* -imprentado en Vigo no 63 con debuxos de Conde Corbal- até o conciso *Alexandre Bóveda* (ANT, Decembro do 99), vai unha inxente obra de contido maiormente teolóxico e político, que, coidamos, incrementará en

anos vindeiros. Con terminoloxía ferrinián (*De Pindar a Novoneyra*), o *Diccionario da Literatura Galega de Galaxia* (1995) afirma telegraficamente que vostede é un dos principais representantes do ensaísmo da Promoción de Enlace -nados nos anos vinte-, cultivando o ensaio sociohistórico e historiográfico, en especial no que se refire ao papel da Igrexa en Galicia. Orabén, ningúna-

no nos trinta e dous tomos da *Gran Enciclopedia Gallega*. Algo que tamén lle acontece á maioría dos relevantes persoais do noso concello dos que só podemos atopar breves e, por veces, trabucadas referencias de tres deles. Veremos de reparar tal agravio.

Fronte a tanta apropiación indevida, frívolas manipulacións e visión cultre de país folclorizante, aínda quedan persoas coa integridade moral coma que vostede representa. Un re-

ferente impensábel na conformación do magnífico proxecto nacional que arelamos. Maceda; a xénese primixénica que tanto nos doe aos dous, debe recoñecelo como o fillo máis sobranceiro vivo e tributarlle a homenaxe que lle furtaron os fétidos e duros.

O día 8 cumpre setenta e cinco anos desde que nacera, en Marzo de 1925, en Celeirón de Asadur, no pé do Rodicio, ao carón das minas de estaño de Baldeir e da case bimi-lenária Rota Romana, A Via Nova de Antonino Caracalla, que fa desde Braga a Astorga e atravesaba a gándara moi perto do seu berce por Tioura, A Costa, Couzada até perderse polos ventados montes de seixo cristalizado. Saúde pois e Pátria. Sempre. ♦

‘Fronte a tanta apropiación indevida, frívolas manipulacións e visión cultre de país folclorizante, aínda quedan persoas coa integridade moral coma que vostede representa’